



Antonio Veiga Outeiro e Xosé Ferreiro Fernández, deputados do Grupo do BNG n Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Presidencia a seguinte

PREGUNTA

REFERIDA AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A EXPLOTACIÓN DO CLUB NÁUTICO DE BLELESAR (O SAVIÑO)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Hai unhas semanas procedeuse por parte desta Deputación á concesión da explotación do Club Náutico de Belesar a unha persoa que previamente o solicitara, sen que mediara ningún tipo de publicidade ou concurso público de ofertas para a súa adxudicación.

Dado o interese que distintas persoas e empresas do sector da zona tiñan en participar neste proceso, se chegara a existir, dende o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo facemos ao Presidente desta institución as seguintes preguntas para contestar diante o Pleno:

PREGUNTAS:

- **Cales foron os motivos polos que non se lle deu publicidade a este proceso de concesión para que puidesen participar as persoas ou empresas que puideran estar interesadas, tanto do Saviño, onde está situado do club, como do resto da comarca?**
- **Cal é o motivo polo que as dúas “teóricas” ofertas por invitación, e que resultaron fallidas, non figuran no correspondente expediente de concesión deste servizo?**
- **Cales foron os motivos polos que se adxudicou a explotación deste negocio a esta persoa en particular sen ningún tipo de concurso público e aberto?**

En Lugo a 25 de maio de 2018

Asdo: Xosé Ferreiro Fernández

AO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO